



PROCEDEMENTO E PRAZOS PARA O EXERCICIO DO VOTO POR CORREO

Contido:

- A) PROCEDEMENTO
- B) SOLICITUDE
- C) PRAZOS PARA O EXERCICIO DO VOTO
- D) FORMA DE REMISIÓN DA DOCUMENTACIÓN

A) PROCEDEMENTO

Artigo 39. Do voto por correo.

1. Unicamente se admitirá o voto por correo nas votacións para membros da Asemblea Xeral naqueles estamentos integrados por persoas físicas.

2. En ningún caso os electores que soliciten o exercicio do dereito a voto por correo poderán emitir o voto de forma presencial.

3. Os electores poderán emitir o seu voto por correo, de conformidade co seguinte procedemento:

a) O elector solicitará por escrito o seu dereito ao voto por correo á Xunta Electoral interesando a súa inclusión no censo especial de voto por correo. Dita solicitude deberá realizarse a partir do día seguinte ao da convocatoria das eleccións e ata cinco días despois da publicación do censo definitivo, cumprimentando o documento normalizado que se axustará o anexo do presente regulamento electoral. Diariamente a Xunta Electoral remitirá electronicamente á Secretaría Xeral para o Deporte un listado nominal coas solicitudes de voto por correo solicitadas o día anterior. Non poderán incluírse no censo de persoas con dereito a exercer o voto por correo aqueles electores que non figurasen nos listados nominais, incluído o listado do último día de prazo para solicitalo remitido á Secretaría Xeral para o Deporte.

b) A solicitude presentarse persoalmente, exhibindo o DNI, pasaporte ou autorización de residencia ante a secretaría da Federación Galega de Remo, na sede federativa en A Coruña, e que deberá trasladala solicitude á xunta electora.

c) No caso de enfermidade ou incapacidade que impida a presentación persoal da solicitude, deberá acreditarse tal extremo mediante certificado médico e poderá ser exercido ese dereito en nome do elector mediante representación autorizada notarialmente e por documento que se estenderá individualmente en relación con cada elector e sen que no mesmo poida incluírse a varios electores, non podendo unha persoa representar a mais dun elector. Nestes casos, a Xunta Electoral comprobará, en cada caso, a concorrencia das circunstancias ás que se refire este apartado.

d) Recibida a solicitude, a Xunta Electoral comprobará a inscrición da persoa solicitante no censo electoral.

e) O censo de persoas autorizadas para o exercicio do voto por correo deberase remitir á Secretaría Xeral para Deporte, e publicarse ademais na páxina web da federación e no taboleiro de anuncios da mesma.



f) A Xunta Electoral enviará ó elector por correo certificado dous sobres electorais (sobre 1, “de votación” e sobre 2) e as papeletas de todas as candidaturas, así como un certificado orixinal autorizando o voto por correo, ao domicilio indicado na súa solicitude ou no seu defecto ao que figure no censo.

g) A presentación dos votos poderá realizarse en calquera das oficinas de correos con seis días hábiles de antelación á data da realización das eleccións presenciais. Non serán admitidos os sobres depositados con data posterior, debendo indicar no enderezo que vai dirixido á Secretaría Xeral para o Deporte que custodiará esta documentación ata o día da votación.

h) O elector introducirá a papeleta no sobre 1 da votación do estamento e, no seu caso, especialidade á que pertenza. Posteriormente, unha vez na oficina de Correos, exhibirá a súa identificación e o certificado. O funcionario de correos procederá de conformidade coas instrucións que figuran no sobre e selará o certificado. Unha vez feito isto, o sobre coa votación introdúcese dentro do sobre 2 que vai dirixido á mesa electoral, xunto coa certificación federativa selada e que autoriza o voto por correo e pecharase, sendo selado polo funcionario de correos e entregado nesa oficina

4. O prazo límite para recibir os votos por correo finalizará vinte e catro horas antes das votacións presenciais.

5. O sobre se remitirá á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa custodia, por correo, consignándose no anverso e reverso do mesmo os datos que figuran no Anexo I de este Regulamento.

6. O elector que solicitara o voto por correo e este no listado do mesmo, non figurará no listado para realizar o voto presencial, non podendo realizar este, unicamente o de correo.

B) SOLICITUDE

Nome e apelidos con DNI nº
e nº de licenza, pertencente ó estamento de, formula
solicitude de acordo có artigo 44 do Decreto polo que se establecen as bases e os
criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización
dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas pola que,

SOLICITA

Que se admita o presente escrito xunto coa documentación que se achega (fotocopia do
DNI, pasaporte ou residencia e da licenza deportiva) e, tras os trámites oportunos,
inclúaseme no censo especial de voto por correo da Federación Galega de Remo.

En, a de de 2018

Asdo.:

**XUNTA ELECTORAL DA
FEDERACIÓN GALEGA DE REMO
Trav. De Gutenberg, 5 1º - Pg. A Grela-Bens**



15.008.- A CORUÑA

C) PRAZOS PARA O EXERCICIO DO VOTO

DATAS	PROCESO
1 de setembro de 2018	Apertura da solicitude do voto por correo.
9 de outubro de 2018	Fin de prazo de solicitar o voto por correo.
29 de outubro de 2018	Fin do prazo de EMISIÓN do voto por correo.

D) FORMA DE REMISIÓN DA DOCUMENTACIÓN

Remisión da documentación á Xunta Electoral

Mediante correo electrónico:

elecciones2018.fegar@gmail.com

Mediante correo postal certificado:

**Federación Galega de Remo
Xunta Electoral Eleccións 2018
Trav. De Gutenberg, 5 1º - Pg. A Grela-Bens
15.008.- A CORUÑA**

Remisión da documentación á SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE

Mediante correo electrónico:

Eleccionesfederacions.deporte@xunta.gal

Mediante correo postal:

**Secretaría Xeral para o Deporte
Rúa Madrid, 2-4 2º andar
15.781.- SANTIAGO DE COMPOSTELA**